



**SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE  
DATA 2 de maio de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
DONA PAOLA MARIA MOCHALES  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN  
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ  
DONA SONIA OUTÓN CASAL

**SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

**INTERVENTORA**

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 2 de maio de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 24/04/2017, que se aprobou por unanimidade.

**Propostas**

**ASUNTOS DE REXIME INTERIOR**

**PRP2017/653**

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Recambios Miro e Hijos, S.L.** para o subministro dun arrancador de baterías "BOOSTER 12/24V 1700CA", por un importe total de 1.197,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2017/1906**

Vista a proposta do Axudante-Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Talleres Santiago Iglesias, S.L.** para a reparación do vehículo matrícula 9994GBLV, adscrito ao Servizo Municipal de Obras, por un importe total de 599,62 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2017/1908**

Dáse conta do auto ditado polo Xulgado de Instrución nº 7 de A Coruña (Dilixencias previas Proc. Abreviado 0001807/2010), onde se acorda a apertura de xuízo oral e se te por formulada acusación contra Francisco Otero Méndez, José Manuel Blanco González, Alvaro Paz Trillo e



Jorge Luis Viña Fernández, como autores dun delito de falsidade en documento privado, en concurso de normas cun delito de estafa, decretando a responsabilidade civil subsidiaria de Liceo Casino de Vilagarcía, de Inversiones Liceo Marítimo, S.L. das indemnizacións esixidas a Alvaro Paz Tarrío e a Francisco Otero Méndez e ao Concello de Vilagarcía de Arousa como responsable civil subsidiario, e acórdase comparecer no proceso xudicial citado..

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2017/1909**

Vista a proposta do Axudante Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os orzamentos presentados para a realización de mobles de arquivo para o Departamento de Rendas, por un importe total de 560,73 € con cargo á partida 931.215 e coa seguinte desagregación:

- **Castromán I, S.L.**, por importe de 134,20 € (IVE incluído)
- **Maderas J. Redondo, S.L.** por importe de 426,53 € (IVE incluído)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2017/1910**

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Protección Civil e Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa **Sepymedical, S.L.** para o subministro de material sanitario para equipamento dos postos de salvamento e socorrismo nas praias de O Preguntorio, Concha-Compostela e Campanario, por un importe total de 2.590,33 € (IVE incluído), con cargo á partida 4591.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2017/1924**

Dáse conta do escrito presentado por **Dona M<sup>a</sup> Pilar Suárez Ramos**, solicitando o traslado do transformador situado na Rúa Muiñeira nº 7, Pedroso – Bamio, que se atopa nun terreo de titularidade privada a unha rotonda que está en fronte, a uns 50 m. debido a que o mesmo se atopa en mal estado.

Visto o informe do Xefe de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda requirir á Empresa subministradora UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN para que procedan a adoptar as medidas necesarias no transformador dada a precariedade da súa situación actual coa finalidade de garantir a seguridade das persoas na vía pública á maior brevidade posible.

#### **PRP2017/1930**

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Protección Civil e Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **AIRBOX** para a revisión anual dos ERAs (equipos de respiración autónoma) por un importe total 2.274,70 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



**PRP2017/1932**

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Protección Civil e Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Automoción La Junquera, S.L.** para a reparación da cisterna do vehículo adscrito ao Servizo Camión Pegaso PO-8271-U, por un importe total de 3.327,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2017/1934**

Vista a proposta do Enxeñeiro Informático, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Servicios Técnicos Integrados del Noroeste, S.L.** para a prestación dun servizo de desprazamento e reparación, in situ, das wifi dos edificios municipais, por un prezo de 45 € por cada actuación (IVE incluído), cun número de intervencións previstas para o ano 2017 de vinte, con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2017/1936**

Dáse conta da proposta do Encargado do Servizo de Alumeado Público e Mantemento en relación coa necesidade de repoñer o pivote semaforico situado na praza de Galicia e que resultou danado como consecuencia das obras de construción que está levando a cabo no entorno a Empresa Construcciones y Promociones Blanco Barreiro, S.L..

A Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o orzamento presentado por **EDIGAL, S.L.** para a reposición do pivote, por un importe total de 617,70 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22108.
- Dar conta ao Departamento de Consumo aos efectos da correspondente reclamación patrimonial.

**PRP2017/1939**

Vista a proposta do Encargado do Servizo de Alumeado Público e Mantemento, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento de **Unión Fenosa Distribución, S.A.** para o aumento de potencia eléctrica a 69,28KW do Colexio Arealonga (Xunqueira, 003 CO BJ) por un importe total de 1.040,24 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.22100, o que suporá un aforro económico para o Concello.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2017/1941**

Dáse conta do escrito presentado pola **Asociación de Veciños de Faxilde**, dando conta dunha serie de deficiencias no lugar e de queixas continuadas por parte dos veciños e solicitando:

- Colocación dun espello na saída da Rúa da Fonte orientado cara a Rúa Sobrán, para ver os vehículos que veñen da citada rúa.
- Reparación dun focho na intersección da Rúa Cortiñas con Viñal.



- A adopción de medidas para evitar o estacionamento de vehículos na Rúa do Xogo, na esquina do Cemiterio.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlles que se procederá a realizar as correspondentes reparacións e melloras á maior brevidade.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras, Servizo de Sinalización e Policía Local.

#### **PRP2017/1942**

Vista a proposta da Policía Local en relación coas deficiencias de sinalización existentes na Rúa Mariña de Carril, confluencia coa Rúa Luchana, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a instalar un sinal de STOP (R-2) na marxe dereita da Rúa Luchana, confluencia coa Mariña e na beirarrúa contraria un sinal de entrada prohibida (R-101) para os vehículos que pretenden incorporarse dende a Mariña cara a citada Rúa.

Dar conta ao Servizo de Sinalización (D. Mario Vázquez)

#### **PRP2017/1948**

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Tobiauto, S.L.** para adaptación á normativa actual do rotulado do vehículo adscrito á Policía Local matrícula 0680GSX, por un importe total de 1.089,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2017/1953**

Dáse conta do escrito remitido polo **Instituto Galego de Estatística** comunicando que, en cumprimento do Plan Galego de Estatística 2017-2021, están a realizar en toda Galicia a operación estatística “Enquisa estrutural a fogares” co obxecto de reflectir as condicións de vida das familias galegas en relación con diversas variables de interese como nivel de estudos, ingreso e gastos do fogar e dos seus membros, etc., e indicando que no deseño mostran figuran vivendas do Concello de Vilagarcía, que serán visitadas do 1 de maio ao 25 de xuño.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2017/1946**

Visto informe-proposta da Concelleira delegada de Benestar coa relación de nenos asistentes á Escola Infantil Municipal con dereito a subvención, e relación motivada dos nenos admitidos sen dereito a subvención, para a aprobación do pago da cantidade correspondente ó mes de abril de 2017, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta e o recoñecemento de obrigação a favor de **Bonecos Vilagarcía, S.L.**, polo importe de 33.931,44 € con cargo á partida 323.48007.

### **Emprego**

#### **PRP2017/1956**

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases reguladoras da Convocatoria do Concello de Vilagarcía de Arousa de Subvencións a Empresas para a contratación de traballadores/as desempregados/as por conta allea, por importe total de subvencións de 44.000,00€ con cargo á partida 241.470, cunha



contía de subvención máxima proposta dende 500 € ata 3.000 €, e dispoñer a súa publicación no B.O.P.

## **ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **Turismo**

#### **PRP2017/1960**

Dáse conta de convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Asociación Rompetimóns de Carril para a realización de rutas turísticas con embarcación tradicional, polo que a citada Asociación se compromete a realizar gratuitamente 18 travesías marítimas de dúas horas de duración no galeón Illa de Cortegada polo contorno do Arquipélago de Cortegada durante o período estival e o Concello aboará a cantidade de 4.500 € pola realización das citadas travesías, con cargo á partida 432.22612.

O citado convenio terá unha vixencia ata o 31 de decembro de 2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda a sinatura do mesmo.

## **ASUNTOS DE CULTURA**

#### **PRP2017/1966**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, e con motivo da celebración das Letras Galegas 2017, dedicado este ano a Carlos Casares, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento par a realización de actividades “Letras Galegas 2017”, por un importe total de 5.280,00 €, con cargo á partida 334.22637, coa seguinte desagregación:

- **Revenidas S.C.**, por un importe total de 3.707,00 €:
  - 17 de maio: proxección documental “Os días afogados” 610,75 €
  - 18 de maio: Teatro “Falar sen cancelas” – Contacontos “a Galiña Azul” 1.652,89 €
  - 23 de maio: Presentación do libro “Carlos Casares, un contador de historias” 800,00 €
  - BASE IMPOÑIBLE: 3.063,64 €
  - IVE 21% 643,36 €
- **Abella Creatival (Andrés José Rozados Lorenzo)**, por un importe total de 1.573,00 €:
  - 17 de maio: O Carril – Concerto acústico de Luis Emilio Batallán 1.300,00 €
  - IVE 21% 273,00 €

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2017/1967**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a produción do II Festival do Estío”, que terá lugar en diferentes situacións de Vilagarcía durante os meses de xuño e xullo do ano 2017, presentado pola Empresa **URDIME S.C.G.**, por un importe de 2.000 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22609.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



#### PRP2017/1968

Vista a proposta da Concellería de Cultura acórdase a aprobación do convenio co AGADIC para a programación de actividades infantís encadradas no programa “Cultura no Camiño 2017”: , cun importe a asumir polo Concello de 6.735,00 €, con cargo á partida 334.22609, coa seguinte desagregación:

COMPANÍA	ESPECTÁCULO	LUGAR E DATA	IMPORTE AGADIC	IMPORTE CONCELLO
PAPORRUBIO	A danza dos paxaros	Parque Miguel Hernández 25/06/2017	840,00 €	1.260,00 €
TROPICALLO	Jiñol	Parque Miguel Hernández 29/06/2017	360,00 €	540,00 €
FANTOCHES BAJ	Rey, rei?	Parque Miguel Hernández 29/06/2017	360,00 €	540,00 €
GHAZAFELHOS	O vendedor de fume	Parque Ravela 30/06/2017	360,00 €	540,00 €
MARI FATRI E JORGE JUNCAL	Fantasia coas palabras	Praza Ravela 30/06/2017	314,00 €	1.956,00 €
XAROPE TULÚ	De brúidos e mañares	Praza de Galicia 01/07/2017	320,00 €	480,00 €
MAMÁ CABRA	O Concerto	Praza de Galicia 01/07/2017	946,00 €	1.419,00 €

#### ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

##### PRP2017/1975

Dáse conta de escrito presentado por D. José Miguel Serantes Maceiras, en representación de **Eulen Seguridad, S.A.** solicitando a prórroga do contrato do Servizo de Vixilancia e Seguridade nas instalacións do SPAD polo período de un ano, dende o 1 de setembro de 2017 ata o 31 de agosto de 2018, así como o incremento do custe do mesmo.

Vistos os informes do Negociado de contratación e Patrimonio e da Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar a 2ª prórroga do citado contrato ata o 31 de agosto de 2018.

A revisión de prezos do citado contrato, de conformidade co índice de prezos do Sector Servizos, publicado polo Instituto Nacional de Estatística referido ó 4º trimestre de 2016 (último publicado), é -0,3, é dicir resultaría unha baixa no prezo anual do contrato de 98,71 € que suporía unha baixa de 8,23 €, e aplicando a dita revisión o límite do 85% resultaría unha revisión mensual á baixa de -6,99 € e polo tanto unha revisión anual do contrato á baixa de -83,90, resultando os seguintes importes con cargo á partida 2311.22701:

- Con cargo ao orzamento de 2017 (setembro-décembro): 10.939,44 €

- Con cargo ao orzamento de 2018 (xaneiro-agosto): 21.878,88 €

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.